

NORMATIVA DE DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE Facultade de Ciencias da Comunicación

En aplicación da Instrución nº 1/2017, da Secretaría Xeral, sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias, o alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación pode presentar unha solicitude motivada e acreditada de dispensa de asistencia a clase para aquelas materias contempladas nos plans de estudo do Grao en Xornalismo, Grao en Comunicación Audiovisual, Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual e do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia.

Solicitud:

A solicitude dirixida ao/á decano/a, xunto coa documentación xustificativa correspondente, presentárase a través do Rexistro Electrónico da USC.

As solicitudes de dispensa poderanse presentar no prazo de 10 días, contados dende a data de inicio de cada cuatrimestre, ou cando concurran causas imprevisibles e sobrevidas.

Se a causa imprevisible e sobrevida acontece con posterioridade ao comezo do cuatrimestre, o prazo de presentación de solicitudes será de 10 días, contados dende que se produza a dita causa.

Causas e documentación para a solicitude de dispensa:

- a) Enfermidade grave ou tratamentos médicos inaprazables. Deberá estar acreditada polo servizo de saúde público.
- b) Coidado de dependentes a cargo ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Deberá acreditarse coa documentación oficial correspondente (libro de familia, certificado de convivencia).
- c) Prestación de servizos por conta allea ou propia. Deberá acreditarse mediante copia da alta no réxime xeral da seguridade social, do contrato e do horario de traballo; ou copia da alta no réxime especial de traballadores autónomos, do recibo de pagamento da última cotización e do horario de traballo.
- d) Persoa que presentou denuncia por acoso. Deberá acreditarse coa documentación oficial correspondente.

Resolución:

A efectos de concesión da dispensa a Xunta de Facultade, ou órgano no que delegue, deberá ter en conta os seguintes criterios:

- A excepcionalidade, polo que só se concederá a dispensa a falta doutra alternativa para cursar os estudos
- Contemplar a natureza dos estudos que se pretenden cursar, tendo en conta que deberá ser denegado cando exista necesidade acreditada de asistencia a certas materias ou actividades, en particular as de contido fundamentalmente práctico.

- As posibilidades de adquirir as competencias por sistemas alternativos a asistencia a clase, previo informe dos profesores responsables.

Nestes casos, a resolución de concesión da dispensa determinará o sistema de avaliación que debe seguirse e no que poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral.

A resolución será comunicada ao interesado e ao profesorado das materias afectadas e producirá efectos dende a data de presentación da solicitude.

Reclamacións:

Contra a resolución, que non agota a vía administrativa, e de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderase interpor recurso de alzada ante o Consello de Goberno da Universidade no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á notificación do acto obxecto de recurso.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2021

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE RAMON POUSA ESTEVEZ, DECANO A DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/10/2021 09:24:25.

CSV: 4C30-254F-4F9B-AB94